

Título:

Células endoteliais derivadas de células nai pluripotentes inducidas (iPSCs) obtidas de pacientes trombolizados: un novo enfoque para estudar transformacións hemorráxicas.

Resumo:

O ictus isquémico é unha das principais causas de morbilidade e mortalidade en España. Ata este momento, o único tratamento eficaz para o ictus isquémico consiste nunha rápida recanalización do vaso ocluído mediante a administración do activador do plasminóxeno tisular (tPA). Con todo, este tratamento só é aplicable nunha pequena fracción de pacientes debido a procesos de transformación hemorráxica (TH) producidos polo dano xerado sobre a barreira hematoencefálica (BHE). Por tanto, a selección de pacientes potencialmente trombolizados débese facer de forma rigorosa atendendo aos factores de risco; aínda así, a resposta ao tPA pode ser considerablemente diferente entre pacientes co mesmo tipo de risco vascular. Neste proxecto hipotetizamos que existe un risco xeneticamente predeterminado nos pacientes trombolizados a sufrir procesos de TH despois da administración do fármaco. Debido ao papel central das células endoteliais no dano producido polo tPA, o obxectivo deste proxecto é obter células endoteliais derivadas de células nai pluripotentes inducidas (iPSCs) obtidas a partir de pacientes hemorráxicos e non hemorráxicos tratados con tPA e analizar o seu perfil de expresión xénica. Este proxecto traslacional represeta un novo enfoque para determinar o efecto trombolítico nas células endoteliais procedentes de humanos. Os resultados obtidos poden axudar a mellorar a eficacia e seguridade do tratamento trombolítico na pacientes isquémicos.

Código de expediente:

CP14/00154

Investigador principal:

Francisco Campos Pérez

Entidade beneficiaria:

Servizo Galego de Saúde

Centro de realización:

EOXI de Santiago/Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)

Entidade financiadora:

Instituto de Salud Carlos III

Financiamento:

121.500 €



"Una manera de hacer Europa"

Este proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). "Unha maneira de facer Europa"